

Celga



3






Proba A1

Logo de ver esta nova no telexornal, vostede, que é propietario/a dunha granxa de vacas, decide solicitar unha axuda para levar a cabo unha iniciativa semellante á holandesa na súa explotación.

Para iso, xunto coa solicitude da subvención, cómpre que achegue un informe para a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Nese informe, de **300 palabras**, vostede deberá:

- Presentar a iniciativa holandesa (indicando a duración e o prezo das sesións).
- Describir o desenvolvemento dunha xornada de terapia.
- Indicar os beneficios que lle achegaría este proxecto á sociedade en xeral e á granxa que vostede dirixe en particular.
- Sinalar que necesita a axuda que solicita para botar a andar a iniciativa e mais para viaxar á granxa do sur de Holanda.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their response to the A1 test question.



Proba A2

A súa amiga Carme, que é presidenta da *Asociación de Mulleres Airexa*, envioulle a vostede esta mensaxe electrónica:

Ola Charo!
Que tal vai todo?
Preciso da túa axuda e das túas recomendacións sobre o mundo da gran pantalla. Na asociación imos organizar un ciclo de cinema e, amais de seleccionarmos algún clásico, queriamos incluír un par de filmes de actualidade. Como sei que ti estás moi posta no tema, agradeceríache que nos recomendases algún título dos últimos meses (con que nos digas dous xa é abondo).
Graciñas (xa te convidarei a un café!!).
Unha aperta,
Carme

Vostede, así que leu a mensaxe de Carme, fixo unha busca na internet e pensou nas catro películas que aparecen deseguido como candidatas para as proxectar nas xornadas de cine da asociación.

Elegy

Isabel Coixet

David Kepesh, un carismático mestre, gábase de seducir alumnas desexosas de probar experiencias novas; con todo, nunca deixa que ningunha muller se lle achegue de máis.

Pero cando a fermosa Consuela Castillo entra na súa clase, o seu verniz de protección disólvese. Esta beleza de cabelos negros como o acibeche catívaos ao tempo que o desconcerta. Malia que Kepesh afirma que o seu corpo é unha obra de arte perfecta, Consuela é máis ca un simple obxecto de desexo.

88 minutos

Jon Avnet

Jack Gramm, un profesor universitario que traballa tamén de psiquiatra forense para o FBI, recibe unha ameaza de morte que o avisa de que lle quedan 88 minutos de vida.

Para se salvar, Jack debe usar todas as súas habilidades e adestrarse para se achegar cada vez máis aos posibles sospeitosos, entre os que figura un alumno con problemas, unha antiga amante a quen abandonou e un asasino en serie que xa se atopa no corredor da morte.

Algo pasa en Las Vegas

Tom Vaughan

Historia de dous estraños que espertan na mesma cama e que descubren que casaron logo dunha noite tola en Las Vegas e mais que un deles gañou un gran premio nun casino. Ambos os dous comezan a facer plans cada vez máis complicados para acabaren o un co outro e quedaren cos cartos todos, mais acabaran namorando entre as mutuas puñaladas polas costas.

Abrígate

Ramón Costafreda


Valeria, unha rapariga argentina descendente de galegos, trasládase a vivir a unha vila da provincia da Coruña para se reencontrar coas súas orixes e consigo mesma. Excéntrica, soñadora e divertida, aos seus 25 anos vese na encrucillada sentimental máis surrealista da súa vida: tras a morte de súpeto do seu maduro e atractivo amante, namórase de Marcelo, o fillo do defunto. A súa amiga Adela, dona do salón de peiteado onde traballan ambas as dúas, vaina axudar a despexar a incógnita. No entanto, comparten cos seus veciños as pequenas ledicias, rin das penas e fantasían con teren unha vida diferente.

(Textos adaptados de www.compostelacultura.org e www.abrigatelapelicula.com)

Logo de lles botar unha ollada ás sinopses das películas, escíballe á súa amiga unha mensaxe electrónica de **300 palabras**.

Nela deberá:

- Mencionar os catro filmes indicando a que xénero pertencen e resumir o argumento de cada un deles.
- Referir as dúas alternativas que considera máis acaídas e argumentar a súa escolla.
- Aconsellarlle a Carme que vexa as películas antes das proxeccións.
- Quedar con ela para tomar o “café pendiente” e convidala a cear na súa casa para comentar a carteleira definitiva do ciclo de cine.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their response to the A2 test question.